

# PROMOCIÓN INTERNA TRAMITACIÓN

## OPE 2022-2023 (Orde PJC/150/2024 de 19 de febreiro)

Para poder participar neste proceso será requisito imprescindible ter a condición de funcionario ou funcionaria de carreira no corpo de auxilio xudicial e acreditar unha antigüidade de alomenos **dous anos** en dito corpo, ben como titular ou interino.

A titulación esixida será: Bacharelato ou equivalente.

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde no BOE.

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberán cubrir electrónicamente o modelo oficial de solicitude de admisión a probas selectivas na Administración Pública (modelo 790) que estará dispoñible no servizo de Inscripción en Probas Selectivas (IPS) do punto de acceso xeral ([administracion.gob.es/páx\\_Home/empleoPublico/ips](http://administracion.gob.es/páx_Home/empleoPublico/ips)), seguindo as instrucións para a inscrición por medios electrónicos («online») contidas na devandita páxina.

A presentación e o pago da correspondente taxa realizaranse por vía electrónica, a través do servizo de Inscripción en Probas Selectivas do punto de acceso xeral ([administracion.gob.es/pag\\_Home/empleoPublico/ips](http://administracion.gob.es/pag_Home/empleoPublico/ips)), ao que se pode acceder directamente ou a través do portal web do Ministerio ([www.mjusticia.gob.es](http://www.mjusticia.gob.es)) (Cidadáns-Emprego público), de acordo coas instrucións que se indican.

Para cubrir a instancia e pagar as taxas, podémolo facer tamén a través do seguinte enlace:

<https://ips.redsara.es/IPSC/secure/buscarConvocatorias>

No caso de que se produza algunha incidencia técnica durante o proceso de inscrición, os participantes deberán dirixirse ao teléfono 060 ou encher o formulario de consultas/incidencias dispoñible na seguinte dirección <https://centrodeservicios.redsara.es/ayuda/consulta/IPS>

Estarán exentas de pagar as taxas ou parte delas: aquelas persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; as demandantes de emprego que leven máis dun mes no paro e non rexeitaran ofertas de emprego e carezan ademais de rendas superiores ao salario mínimo; as familias numerosas e as vítimas de terrorismo. Deberase achegar en formato electrónico a documentación acreditativa da redución ou exención.

As taxas de dereitos de exame será de 7,79 euros (3,90 no caso de dereito a redución do 50%). A falla de xustificación dos dereitos de exame poderá determinar a exclusión do proceso selectivo.

As prazas da cota de reserva daquelas persoas con discapacidade que queden desertas acumularanse ás da cota xeral.

Aquel/as aspirantes que opten pola cota de reserva para persoas con discapacidade non poderán participar pola cota xeral.

Só se poderá participar nun único ámbito territorial.

As prazas que resulten desertas nun ámbito territorial non se acumularán a outro ámbito.

Non se admitirá mudar o ámbito territorial escollido unha vez presentada a solicitude de matrícula.

PARA MÁIS INFORMACIÓN VISITA AS NOSAS REDES SOCIAIS



Páxina web

<https://www.cigadmon.gal/xustiza>



Twitter

<https://x.com/cigxustiza?s=20>



Telegram

<https://t.me/Cigxustiza>



WhatsApp

<https://whatsapp.com/channel/0029VaDyi0otLkg2PMG3qv1R>

OU PONTE EN CONTACTO COAS NOSAS DELEGADAS/OS

A CORUÑA	657 768 693	635 607 376
FERROL	637 108 945	
SANTIAGO	699 234 284	
LUGO	639 921 202	669 557 395
OURENSE	636 424 191	
PONTEVEDRA	646 023 058	
VIGO	669 760 087	

## **PROCESO SELECTIVO**

O proceso selectivo será polo sistema de Concurso-Oposición.

A fase de oposición será eliminatoria.

O exercicio único poderá ser coincidente no tempo, en calquera das súas fases, co desenvolvemento de outros.

Fase de oposición **100 puntos**, Fase de concurso **65 puntos**.

**FASE DE OPOSICIÓN:** Terá unha duración máxima de **tres meses**. O exercicio único farase o mesmo día e a mesma hora en todas as sedes, e terá lugar dentro dos **45 días seguintes** a publicación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Agosto considérase inhábil.

Exercicio único escrito e eliminatorio, que consistirá en contestar a un cuestionario tipo test de **100 preguntas**, con catro respostas alternativas, das cales só unha é válida.

A duración da proba será de **100 minutos**.

As respostas acertadas sumarán **1 punto**. As erradas descontarán **0,25 puntos**. As non contestadas non serán puntuadas.

A nota mínima para aprobar o exercicio e pasar á fase de concurso será de **50 puntos**.

A plantilla correctora do exercicio publicárase no prazo máximo de **dous días**, a contar dende a realización do exame.

**RESERVA DE NOTA:** As persoas aspirantes que superasen a fase de oposición da convocatoria inmediatamente anterior de promoción interna ao Corpo de Xestión, cunha nota superior á mínima fixada (**60 por cento**), pero non obtivesen praza, por non reunir méritos suficientes na fase de concurso daquela convocatoria, quedarán exentos de realizar neste proceso selectivo o exame da fase de oposición. Esta reserva só se recoñecera cando o aspirante se presente ao mesmo corpo, ámbito territorial e quenda, salvo que voluntariamente se presente ao exame para aumentar a nota. Neste caso, se a nota obtida fose inferior ou non superase o exame, reservaráselle a nota da convocatoria inmediatamente anterior.

**FASE DE CONCURSO:** Finalizada a fase de oposición, dará comezo a fase de concurso, na que se valorarán os méritos. Valoraranse os servizos prestados a partir do **1 de xaneiro de 2004**, como persoal titular, interino ou substituto nos Corpos da Administración de Xustiza ou como persoal laboral desta Administración. Os períodos inferiores a **un mes** non se valorarán.

Non se valorarán aquelas certificacións ou diplomas inferiores a **14 horas** lectivas ou que non consten o número de horas, nin aquelas que teñan máis de **10 anos** na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Os cursos de igual ou similar contido valoraranse só unha vez.

No apartado de cursos de formación só se valorarán aqueles de carácter **xurídico, informático e de idiomas extranxeiros**.

A valoración do coñecemento das **linguas oficiais propias das Comunidades Autónomas ou do Dereito Civil Vasco**, poderá facerse documentalmente ou mediante a realización dun exame, sempre que o/a aspirante así o tivera solicitado na súa instancia. Dita proba será optativa e non eliminatoria, e unicamente serve para subir nota, unha vez se teña superado o proceso selectivo e obtido a praza.

PARA MÁIS INFORMACIÓN VISITA AS NOSAS REDES SOCIAIS



Páxina web

<https://www.cigadmon.gal/xustiza>



Twitter

<https://x.com/cigxustiza?s=20>



Telegram

<https://t.me/Cigxustiza>



WhatsApp

<https://whatsapp.com/channel/0029VaDyi0otLkg2PMG3qv1R>

OU PONTE EN CONTACTO COAS NOSAS DELEGADAS/OS

A CORUÑA	657 768 693	635 607 376
FERROL	637 108 945	
SANTIAGO	699 234 284	
LUGO	639 921 202	669 557 395
OURENSE	636 424 191	
PONTEVEDRA	646 023 058	
VIGO	669 760 087	

<b>TRAMITACIÓN</b>	
<b>MÉRITOS PROFESIONAIS</b> <b>SERVIZOS PRESTADOS</b> <b>(Puntuación máxima 39 puntos)</b>	Valoraranse os servizos prestados a partir do <b>1 de xaneiro de 2004</b> , como persoal titular, interino ou substituto nos Corpos da Administración de Xustiza ou como persoal laboral desta Administración. <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Por cada mes completo como substituto ou interino en Tramitación (antes auxiliares) <b>0,35 puntos</b></li> <li>✓ Por cada mes completo como titular ou interino en Auxilio Xudicial (antes axentes) <b>0,30 pto</b>s</li> <li>✓ Por cada mes completo no resto dos corpos xerais e letrados, xuíces ou fiscais <b>0,25 puntos</b></li> <li>✓ Por cada mes completo como persoal laboral en xustiza fixo ou temporal <b>0,15 puntos</b></li> </ul>
<b>MÉRITOS ACADÉMICOS</b> <b>(Puntuación máxima 26 puntos)</b>	<b>TÍTULOS E GRAOS ACADÉMICOS</b> <b>Puntuación máxima 12 puntos</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Licenciatura ou grao en dereito <b>12 puntos</b></li> <li>✓ Outra licenciatura, enxeñería, arquitectura, grao ou máster <b>8 puntos</b></li> <li>✓ Diplomaturas, enxeñerías ou arquitecturas técnicas <b>5 puntos</b></li> </ul>
	<b>HISTORIAL PROFESIONAL</b> <b>Puntuación máxima 13 puntos</b> <i>Xurídicos (máximo de 8 puntos)</i> <i>Informáticos (máximo 5 puntos)</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cursos entre 15 e 29 horas <b>0,50 puntos</b></li> <li>✓ Cursos entre 30 e 59 horas <b>1 punto</b></li> <li>✓ Cursos de máis de 60 ou máis horas <b>1,50 puntos</b></li> </ul>
	<b>IDIOMAS EXTRANXEIROS</b> <b>Puntuación máxima 1 punto</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ C1 ou C2 <b>1 punto</b></li> <li>✓ B1 ou B2 <b>0,50 puntos</b></li> </ul>
<b>COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS PROPIAS DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS</b> <b>(Puntuación máxima 18 puntos)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Celga ou similar <b>6 puntos</b></li> <li>✓ Linguaxe xurídica medio <b>12 puntos</b></li> <li>✓ Linguaxe xurídica superior <b>18 puntos</b></li> </ul>

<b>PRAZAS OFERTADAS</b>		
<u>ÁMBITO TERRITORIAL</u>	<u>TRAMITACIÓN</u>	
Andalucía	<b>68</b>	6
Aragón	<b>13</b>	1
Asturias	<b>14</b>	1
Canarias	<b>37</b>	3
Cantabria	<b>3</b>	1
Catalunya	<b>63</b>	4
Comunidade Valenciana	<b>87</b>	6
Galiza	<b>2</b>	0
A Ríoxa	<b>11</b>	1
Madrid	<b>152</b>	10
Nafarroa	<b>6</b>	1
Euskadi	<b>20</b>	2
Ministerio de Xustiza	<b>213</b>	15
<b>Total</b>	<b>689</b>	<b>51</b>

PARA MÁIS INFORMACIÓN VISITA AS NOSAS REDES SOCIAIS				OU PONTE EN CONTACTO COAS NOSAS DELEGADAS/OS	
				A CORUÑA	657 768 693
Páxina web	Twitter	Telegram	WhatsApp	FERROL	637 108 945
<a href="https://www.cigadmon.gal/xustiza">https://www.cigadmon.gal/xustiza</a>	<a href="https://x.com/cigxustiza?s=20">https://x.com/cigxustiza?s=20</a>	<a href="https://t.me/Cigxustiza">https://t.me/Cigxustiza</a>	<a href="https://whatsapp.com/channel/0029VaDy10otLkg2PMG3qv1R">https://whatsapp.com/channel/0029VaDy10otLkg2PMG3qv1R</a>	SANTIAGO	699 234 284
				LUGO	639 921 202
				OURENSE	636 424 191
				PONTEVEDRA	646 023 058
				VIGO	669 760 087